

## REGULAMENTO “VII TRAIL MONTES DE VIGO” - 2023

### 1. ORGANIZADOR DA PROBA

Team Relay S.L., en colaboración coa **Mancomunidade de Montes de Vigo** organiza a "VII Trail Montes de Vigo" para o domingo **22 de outubro**, coincidindo co VIº aniversario da catástrofe incendiaria vivida en cinco das catorce comunidades de montes de Vigo.

### 2. ACEPTACIÓN DO REGULAMENTO

A participación nesta Trail implica a aceptación expresa e sen reservas deste regulamento, da ética do evento e das instrucións transmitidas polo organizador aos participantes.

### 3. DEFINICIÓN DA PROBA

- **Trail "Montes de Vigo":** 24,5 km, desnivel +1500m, altura máxima: 439m, altura mínima 81, dificultade técnica: Media, dificultade física: Alta  
Saída: 9:00. Tempo máximo: 5 horas.  
Abastecementos en carreira: 2 (2 líquidos + 1 sólido), Abastecemento final de carreira.
- **Trail curta "Montes de Vigo":** 15,5 km, desnivel +920, altura máxima: 439m, altura mínima 81m, dificultade técnica: Media, dificultade física: Media  
Saída: 9:30. Tempo máximo: 3 horas.  
Abastecementos en carreira: 2 (2 líquidos + 1 sólido), Abastecemento final de carreira.

### 4. PERCORRIDO DAS PROBAS

O percorrido definitivo das probas será publicado na web [www.magmasports.es](http://www.magmasports.es) e [www.montesdevigo.org](http://www.montesdevigo.org). Poderá seguirse a través da track GPX.

A organización resérvase o dereito a realizar calquera cambio por necesidades organizativas ou polo beneficio dos/das participantes, debendo comunicalo antes da saída ou no momento que se identifique a necesidade.

### 5. PARTICIPACIÓN E RESPONSABILIDADES:

#### 5.1 Participación na Trail e Trail curta:

Os/As participantes teñen que ter 18 anos (os corredores menores de idade so poderán participar na proba curta), podendo participar tanto federad@s como non federad@s, sendo o requisito mínimo ter un contacto mínimo con trail de montaña.

#### 5.2 Categorías:

- XERAL INDIVIDUAL MASC. E FEM
- VETERANAS 40 OU MÁIS

#### - VETERANOS 45 OU MÁIS

As idades para adscribirse a cada categoría deben estar cumpridas á data da proba, tendo que ser maiores de idade.

#### **5.3 Responsabilidade de participantes.**

Cada participante ten a responsabilidade de:

- Atoparse en forma física e psíquica axeitada no momento de realización da proba.
- Seguir o trazado da proba escollida segundo a sinalización implantada e/ou as indicacións do persoal da organización.
- Respetar as normas de circulación viaria e particularmente nos cruzamentos de estradas, sendo os únicos responsables das infraccións que puideran cometer.

#### **5.4 Declinación de responsabilidade en caso de accidente, negligencia ou perda de obxectos persoais.**

A organización declina a súa responsabilidade nos casos de danos, prexuízos ou lesións que os participantes puideran sufrir ou causar a terceiros, como tampouco dos gastos, débedas ou danos que puideran contraer durante o evento.

A organización ten subscrito o correspondente seguro de responsabilidade civil e de accidentes para todos os participantes debidamente inscritos que cubriran as incidencias inherentes á proba. Quedan excluídos da póliza os casos derivados dun padecemento latente, inobservancia das leis, imprudencia, os producidos por desprazamento a ou dende o lugar no que se desenvolve a proba.

### **6. INSCRICIÓN, PREZOS, CANCELACIÓN E DORSAIS:**

#### **6.1 Prazo de inscrición:**

Dende o 1 de maio ata 18 de outubro a través do sistema de inscrición electrónica establecida en [www.magmasports.es](http://www.magmasports.es), realizando o pago a través de pasarela electrónica mediante tarxeta bancaria.

Ante calquera problema de inscricións, comunicalo a través do correo [info@magmasports.es](mailto:info@magmasports.es)

#### **6.2 Dereitos da inscrición:**

Participar na proba escollida con dorsal, así como cos correspondentes abastecementos e seguros.

Tamén se porá a disposición dos/das participantes duchas e aqueles obsequios que consiga a organización.

#### **6.3 Prezos bonificados por inscrición ata 30 de setembro:**

Trail: 20 euros; Trail curta: 15 euros. Neste caso os dorsais irán personalizados.

#### **6.4 Prezos por inscrición 1-18 outubro:**

Trail: 25 euros; Trail curta: 20 euros

#### **6.5 Cancelación da inscrición:**

Poderase solicitar en calquera momento ata o día 18 de outubro, cunha penalización de 3 euros en concepto de xestión de inscricións. Terá que ser realizada a solicitude por correo electrónico a [info@magmasports.es](mailto:info@magmasports.es)

#### **6.6 Retirada de dorsais:**

Nas instalacións de Decathlon: venres 20 de outubro, entre 16 e 21 h, e sábado 21 de outubro, entre 11h e 14h.

Na zona de saída: domingo 22 de outubro, a partir das 8:30h.

### **7. ORGANIZACIÓN:**

#### **7.1 Lugar de inicio e finalización:**

Fragoselo-Coruxo (diante dos locais da Comunidade de Montes de Coruxo, <https://goo.gl/maps/Dxe8oi7KF6Jsay448>)

#### **7.2 Sinalización e controis.**

Os distintos percorridos estarán sinalizados con cintas de plástico e sinalética con fondo amarelo e tipografía negra, sendo obrigado o paso polos controis establecidos.

O percorrido da proba non estará totalmente cortado ao tráfico, se ben haberá persoal da Organización nos puntos máis perigosos.

#### **7.3 Dorsais e transponder**

Unha vez asignados os dorsais, estes son persoais e intransferibles, debendo colocarse na camisola, fixados mediante imáns ou alfileres ou cinta para dorsais, quedando sempre visibles en posición dianteira.

A cada corredor/ra asignaráselle un transponder que recollerá asociado ao seu dorsal e deberá ser devolto unha vez rematada a carreira. A non devolución deste transponder suporá unha penalización de 20 € pola substitución.

#### **7.4 Tempos de paso.**

Haberá un tempo de corte no Trail que se establecerá no punto kilométrico 11,5km (próximo o Merendeiro de Saiáns), o corredor que non chegue nun tempo de 1h50 será desviado o percorrido curto.

Os/as participantes que non acaden os controis nos tempos máximos, deberán retirarse da proba e quedarán fora da cobertura da Organización.

Os responsables de cada control e os "corredores escoba" terán potestade para retirar da proba a calquera participante se o seu tempo en carreira ou o seu estado de saúde así o aconsella.

O/A participante que se retire durante o transcurso da proba deberá avisar ao control máis próximo e facer a entrega do dorsal.

#### **7.5 Abastecementos.**

Existirán abastecementos líquidos e sólidos que serán comunicados no momento do inicio da proba.

Dado o noso compromiso co medio ambiente e para evitar a xeración de residuos, os alimentos non contarán con recipientes e os vasos non poderán saír dos lugares de abastecemento, provistos de contedores para o seu depósito.

Os participantes que leven envases ou residuos deberán levalos ata que sexan depositados no posto de abastecemento máis próximo ou na meta onde haberá contedores para a súa recollida.

#### **7.6 Descualificacións e abandonos.**

Quedarán descualificado/a todo o/a que non cumpra co presente regulamento, non complete a totalidade do percorrido, deteriore ou emporque a contorna, non leve o seu dorsal ben visible, non respecte aos demais participantes, non se atope en condicións físicas para realizar a proba ou desatenda as indicacións da organización.

Todo participante que abandone deberá notificalo á Organización cando lle sexa posible

#### **7.7 Auxilio a accidentados e teléfono de emerxencia.**

Os/as participantes están obrigados/as a auxiliar aos/ás accidentados/as

A Organización porá a disposición dos/das participantes un número de teléfono móbil ao que dirixirse para comunicar calquera eventualidade ou accidente.

#### **7.8 Vehículos autorizados e animais de compañía.**

Os únicos autorizados a seguir a proba serán os designados pola Organización.

Para evitar posibles accidentes queda totalmente prohibido seguir aos participantes en moto, bicicleta, quad ou similar.

Non está permitido levar animais de compañía durante a proba.

#### **7.9 Infraccións descalificadoras.**

- Non axudar nin socorrer a outro participante que estea en perigo ou lesionado.
- Realizar calquera acción voluntaria que poida danar o medio natural.
- Botar calquera desperdicio fóra dos depósitos facilitados pola Organización.
- Non facer o percorrido completo.
- Non levar o número, manipulalo nin cederlo a outra persoa.
- Modificar os datos facilitados á Organización respecto dos que figuran no seu D.N.I ou N.I.E.
- Comportamento non deportivo ou non respectuoso cos organizadores, colaboradores, público e demais participantes.
- Responsabilidade ou participación negligente nun accidente no que estea implicado outro participante.
- Calquera outra causa non reflectida nos puntos anteriores que se considere sancionable pola Organización.

#### **7.10 Sancións.**

Se se observa algunha irregularidade/infracción, a Organización avisará da mesma ao corredor/ra infractor/ra sempre que sexa posible, reservándose o dereito de inhabilitalo, comunicándoo ao Director/ra de Carreira e asumindo o infractor a responsabilidade derivada da infracción cometida.

Os/as corredores/as descalificados non terán opción a premios e trofeos.

Os/as corredores/ras que non estean inscritos ou corran sen dorsal e chip non serán admitidos/as pola Organización, impedíndolles o acceso á proba en defensa dos dereitos dos inscritos regulamentariamente.

#### **7.11 Reclamacións.**

No caso de desacordo coa clasificación, deberá dirixirse ao director/ra da proba para expor as alegacións oportunas.

Poderá facerse nos 10 minutos despois da súa publicación.

A decisión do director/ra da proba será inapelable.

#### **7.12 Categorías e premios.**

- XERAL INDIVIDUAL MASC. E FEM
- VETERANOS 45 OU MÁIS
- VETERANAS 40 OU MÁIS

#### **7.13 Cambios na organización da proba.**

A Organización reservase a posibilidade de cancelación por causa xustificada e, de proceder, ao cambio de datas e lugares de celebración, que será comunicado a través da web [www.magmaports.s](http://www.magmaports.s) e [www.montesdevigo.org](http://www.montesdevigo.org).

A organización tamén se reserva o dereito de realizar calquera modificación na proba por necesidades organizativas ou en beneficio dos participantes, debendo comunicarllo antes da saída ou cando sexa posible.

Ademais, pódese suspender e aprazar a proba se se observa un risco para a seguridade dos participantes, por causa de forza maior, por condicións meteorolóxicas extremas que a fan desaconsellable. Calquera modificación deste estilo será debidamente comunicada.

### **8. ACEPTACIÓN, PREGO DE DESCARGO DE RESPONSABILIDADE E PROTECCIÓN DE DATOS.**

#### **8.1 Aceptación.**

Os/As participantes inscribense na proba libre e voluntariamente e, polo tanto, declaran coñecer e aceptar plenamente o presente regulamento.

Tamén aceptan o correo electrónico e/ou o móbil como medio de notificación legal.

#### **8.2 Prego de descargo de responsabilidades.**

Todo/a participante está autorizando á publicación dos seus datos persoais necesarios para o desenvolvemento da proba polo feito de inscribirse (listado de participantes, clasificacións, etc), así como a publicación de imaxes ou vídeos da proba, podéndose empregar de forma atemporal en calquera publicación, medio de comunicación, medio dixital ou acción publicitaria, co único fin de promoción e difusión do evento e das actividades do organizador. En ningún caso derivaranse pagos, compensacións ou retribucións por estes conceptos.


### 8.3 Protección de datos.

Cada participante é responsable da veracidade dos datos proporcionados na súa inscrición, e consinte que ditos datos se incorporen a un ficheiro automatizado do que é responsable TEAM RELAY e que pode ser compartido con terceiros aos efectos da xestión da proba, así como para a promoción, distribución e difusión da mesma.

O titular dos datos terá dereito de acceso, rectificación, cancelación e oposición nos termos previstos na lexislación vixente enviando un escrito acompañado do seu DNI a [info@magmaports.es](mailto:info@magmaports.es)

### MAPA DE TRAZADO E ALZADO

#### Trail curta



#### Trail

